

novas



Esta revista está subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Asembleas de socios/as do 2004

O 28 de febreiro pasado realizamos dúas asembleas xerais de socios/as na Facultade de Filoloxía. A primeira comezou ás 10 da mañá e tivo como único punto da orde do día a modificación dos estatutos da CTNL. A aprobación da Lei orgánica reguladora do dereito de asociación fixo necesario variar os nosos estatutos para adaptalos a esta nova normativa. Con este fin, a Xunta Directiva redactou unha proposta, que se lles enviou a finais de xaneiro aos/as socios/as para que tivesen tempo abondo para presentar emendas. Aínda que non chegaron a producirse alegacións, a Directiva propuxo unha lixeira mudanza para deixar máis clara cal debe ser a maioría cualificada para a modificación dos estatutos (art. 39) e para a disolución da asociación (art. 41.a). Decidimos, entón, substituír "maioría cualificada" por "dous terzos" nestes dous artigos. Na Asemblea Xeral extraordinaria aprobamos este cambio e a totalidade da redacción por unanimidade. Proximamente inscribíranse os novos estatutos no Rexistro de Asociacións e entrarán en vigor. Logo de producirse este trámite legal, publicaremos o texto definitivo no *Novas CTNL*, posiblemente no seguinte número.

Para facilitarlles aos/as socios/as a asistencia, realizamos durante a mesma mañá a Asemblea Xeral ordinaria anual, na que se fixo balance do ano 2003 e se decidiron as principais actuacións para o 2004. Seguindo a orde do día da convocatoria, a presidenta presentou o informe das actividades do ano pasado, que resumimos agrupadas en seccións:

Publicacións

Ademais da edición e distribución dos números 14 e 15 do *Novas CTNL*, a Coordinadora participou nunha enquisa verbo do Plan xeral de normalización lingüística, que publicou en maio a revista *Tempos Novos* nun especial sobre a lingua galega.

Formación

O curso "Os labores de asesoramento nun SL/SNL: novas propostas de traballo", impartido a primeiros de outubro por Ana Domínguez Salgado e Ana Hermida, centrou o labor formativo da CTNL no ano 2003. Alén disto, a presidenta, Conchi Cochón, acudiu en xaneiro ao convite do profesor Henrique Monteagudo para presentarlles a nosa asociación aos seus alumnos da materia de Planificación Lingüística.

Web

Procurouse dinamizar o noso sitio web con información de interese para os/as nosos/as socios/as, nomeadamente de carácter laboral.

Xestión con outras entidades

Amáis da colaboración habitual co Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia – Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística na organización dos VII *Encontros para a Normalización Lingüística*, este ano solicitóuselle ao Consello da Cultura Galega (CCG) a posibilidade de que os/as socios/as da CTNL puidesen beneficiarse dunha matrícula reducida ou mesmo gratuíta neste acto. Dado que o CCG xa decidira suprimir nesta edición a cota de inscrición, acordouse entón establecer un prazo preferente para anotáronse os/as nosos/as socios/as.

Nunha nova liña de colaboración, durante este ano iniciamos xestións coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para considerarmos a posibilidade de organizar conxuntamente un curso ou seminario de linguaxe administrativa especializado para técnicos de normalización lingüística. Polo de agora non foi posible encarreirar totalmente esta colaboración pero continuaremos os trámites durante o 2004.

Finalmente, enviámoslle unha carta á Oficina Europea para as Linguas Menos Estendidas (Bureau Européen pour les Langues Moins Répandues, en Bruxelas) para presentarlle a Coordinadora e o boletín *Novas CTNL*.

Xestión interna

Durante todo o ano procuramos actualizar a base de datos dos/das nosos/as socios/as e pór ao día os cobramentos das cotas anuais e as domiciliacións. Por outra banda e co fin de mellorar a xestión dos cursos organizados pola CTNL, decidimos diferenciar dúas vertentes no desenvolvemento das actividades formativas: a elaboración do material e a impartición das clases.

Para completar o informe, a presidenta comunicou a participación da CTNL en varias comisións: Comisión do CDSG, Comisión Cidadá de NL do Concello de Vigo e Comisión de Traballo da Plataforma de Colectivos e Persoas por un Plan Xeral de Normalización Lingüística Participativo. Respecto deste último colectivo, en febreiro do 2004 acordouse dar por pechada a súa actividade.

Despois da presentación e ratificación do informe económico e dos movementos de socios do 2003, a Asemblea decidiu as actividades para o próximo ano. Propuxéronse os seguintes cursos:

- Deseño e aplicación de ferramentas de análise sociolingüística.
- Técnicas de dinamización social aplicadas á normalización lingüística.
- Constitución de equipos de traballo e xestión e organización do traballo en equipo.
- Deseño e aplicación de programas de normalización lingüística.

Tras unha votación, a Asemblea considerou prioritarios os dous primeiros e acordou ter en conta os demais para propoñelos en vindeiras asembleas. Ademais disto, como xa dixemos, a Directiva continuará as xestións coa EGAP para organizar un curso ou seminario de linguaxe administrativa orientado aos técnicos e ás técnicas de normalización lingüística.

Para mellorar a consulta e a participación dos/das socios/as na elaboración da programación anual, a Asemblea decidiu que nos próximos anos se establecerá un prazo de tres meses anterior á xuntanza anual para achegar propostas. Estas poderán ser tanto ideas para posibles cursos ou para outro tipo de actividades como programacións máis completas. Os/As socios/as poderán consultalas no sitio web e aprobaranse finalmente na Asemblea Xeral. Este sistema busca favorecer a reflexión sobre as escolhas, que ata agora se votaban inmediatamente despois de coñecerlas.



sumario

Páx. 2 **Luces e sombras na normalización do galego desde os concellos**

Novas normas, vellos hábitos

Páx. 3 **O Centro de Estudos Galegos na Universidade de Estremadura**

Páx. 4 **O galego no Bierzo**

Tíra-lle da lingua: a potenciación do factor oral

Páx. 5 **Elaboración do Plan de normalización lingüística do Concello de Ferrol**

A morte das linguas

Páx. 7 **Terminoloxía puntual: a rigorosidade metodolóxica**
O galego segundo a mocidade

Páx. 8 **Ponte... nas ondas!, unha experiencia de radio interescolar transfronteiriza**

Precisamente seguindo esta liña de diversificación de actividades, un socio suxeriu volver insistir na proposta de comarcalización dos servizos, xa que a Xunta de Galicia está nestes momentos a ultimar o Plan xeral de normalización lingüística e moitos concellos crearon nos últimos meses novos servizos. A Asemblea concordou con el en que é interesante darlle un novo pulo, buscando unha receptividade maior.

Finalmente, houbo renovacións na Xunta Directiva. Xosé Ramón López Boullón deixa o posto de secretario e será substituído por Xusto Rodríguez Río. Ademais, incorpórase como vocal Nel Vidal Barral, técnico de normalización lingüística do Concello de Carballo.

**Coordinadora
de Traballadores e Traballadoras
de Normalización da Lingua**

Luces e sombras na normalización do galego desde os concellos

No pasado mes de decembro, no núm. 1.107 de *A Nosa Terra*, Xosé M. Sarille —directivo da Mesa— publicou un artigo titulado “Política lingüística municipal”. Nel facía unha análise parcial, nesgada e incompleta da política lingüística que se está a desenvolver nos concellos. Aínda que algunhas afirmacións son ben atinadas, a sensación final que deixa a lectura do artigo é que, ante a incompetencia dos políticos galegos —sexa cal for a súa cor— e ante a inoperatividade dos servizos lingüísticos municipais en materia de normalización do galego, a Mesa vén erixirse na salvadora e renovadora da política lingüística para os nosos concellos, ofrecendo a mesma “fórmula máxica” de “campañas inconexas” que lles critica ás políticas municipais. Polo demais, para escribir o seu artigo, Sarille parece ignorar a situación actual nos concellos, ben distante da homoxeneidade que describe.

En 1984 máis de cen concellos asinaron un documento de compromiso, a *declaración dos alcaldes galegos reunidos en Santiago de Compostela*, que recollía, entre outras medidas que se poñerían en práctica, a “creación dun servizo de normalización lingüística, encargado de asesorar e executar a política lingüística *ad intra* e *ad extra* da Corporación”. Desde aquela, a andadura dos concellos galegos no camiño da normalización ten dado pasos desiguais. Falando en positivo, e logo de superar a fase da aprobación de ordenanzas de normalización lingüística, regulamentos de uso e declaracións institucionais do galego como lingua oficial no ámbito municipal, hai concellos como Santiago de Compostela e Ferrol que deseñaron, traballaron e aprobaron cadanseu Plan de Normalización Lingüística; outros, como o de Vigo, que están a dar os primeiros pasos para este fin, coa elaboración e publicación do *Estudio sociolingüístico sobre o uso da lingua galega no concello de Vigo 2002*; aínda que tamén, falando en negativo, cómpre non esquecer que aínda hai concellos, como os de Ourense ou A Coruña, que teñen esta materia completamente pendente.

Xa que logo, o avance desde os concellos galegos a favor da normalización da nosa lingua non é para nada un modelo que se poida traspoñer dun municipio a outro, como simplifica o artigo de Sarille; aínda que cando se traballa a prol duns obxectivos comúns, parece lóxico deseñar accións que superen o ámbito municipal, e para iso requírese coordinación e unión de esforzos. Para poñermos un exemplo: hai servizos lingüísticos municipais que levan anos a facer exclusivamente os labores de tradución e corrección dos que fala Sarille; e tamén existen outros que nin iso poden facer, porque o mes e medio escaso de existencia anual case nin lles dá para desenvolveren unha única campaña na que gastar o diñeiro da subvención da Xunta (a grosso modo enténdase: pensar, deseñar, organizar, presentar, publicar, poñer en marcha, facer un seguimento e realizar unha avaliación da actividade realizada, ademais de levar o peso de todo o expediente administrativo: lento, pesado, cheo de informes... e ás veces ata de negociacións). Dentro de tan escuro panorama, hai tamén algunha luz, xa que para outros servizos esa fase de traducións e correccións pertence á súa prehistoria; e aínda hai moitos outros que nunca traduciron —ou xa non traducen— e para os cales as correccións son tarefas ocasionais dentro dun traballo moito máis amplo, tan necesario ou máis ca as simples correccións de textos, e profesionalmente moito máis motivador e interesante. Con todo, non deixa de ser verdade que dentro do ámbito da normalización da lingua, moitas veces a política lingüística tende a cinguirse, confundirse e fundirse demasiado coa política que se desenvolve nas áreas de cultura e/ou educación.

Xa dicía o filósofo “eu son eu e as miñas circunstancias”; esténdase esta máxima á realidade dos servizos lingüísticos municipais e obsérvase os resultados de tales circunstancias: concellos con maioría de poboación

rural fronte a outros maioritariamente urbanos; concellos con problemas de despoboación xunto a algúns que están a recibir grandes cantidades de inmigrantes (e esa é outra historia de todos coñecida: hainos descendentes de galegos que ven a lingua como un vehículo que os liga a esta terra, hainos hispano-falantes que nin saben que aquí se fala galego, e aínda os hai que non falan nin galego nin castelán...). Por atinar un pouquiño máis nestas “circunstancias” que sofren os diferentes servizos, tamén resulta interesante pararse a pensar en que non todos os municipios galegos son iguais en recursos —nin económicos, nin humanos—.

É por iso que a meirande parte dos concellos non teñen a capacidade económica suficiente para contratar unha persoa que se dedique exclusivamente ás tarefas relacionadas coa recuperación de usos para a nosa lingua, ou teñen problemas para facer o contrato e mais desenvolver campañas con xeito. Non vén ao caso agora entrarmos en detalle para analizar de onde vén esa situación (se cadra a lingua non é un dos elementos “estrela” para algúns dos nosos políticos, de aí que non se vexa como algo prioritario —pese a incumprir así a exigua lexislación vixente na materia—; e, se cadra, hai instancias supramunicipais que poderían facer as cousas doutro xeito para obter resultados parellos aos que están a ter en Euskadi e Cataluña en política lingüística). Pero Sarille parece descoñecer que moitas das persoas que traballamos para a normalización da nosa lingua desde a Administración local somos conscientes desta eiva —e de moitas outras—; e tentamos poñerlle remedio na medida das nosas posibilidades con diferentes accións: coordinámonos para compartirmos traballo, resultados de experiencias desvoltoas, ou para poñer en marcha accións moito máis complexas do que Sarille denomina “campañas inconexas e sen ter un obxectivo moi ben establecido”.

Alén disto, Sarille parece descoñecer tamén que as Xornadas de Dinamización Lingüística que se celebraron en Vigo en 1995 servíronnos como punto de encontro para un grupo de técnicas e técnicos de servizos lingüísticos, a meirande parte de nós inseridos na Administración local. Ao poñermos en común as nosas experiencias, constatamos unha serie de problemas que nos atinxían a todos/as. Alén dos que xa levamos mencionado, había outros orixinados pola falta de contacto e coordinación entre nós, e aínda algúns máis que viñan de problemas relacionados coa nosa formación neste ámbito profesional. Para poder superar estes atrancos xurdiu a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua. Desde 1996 esta asociación estrutura o seu labor á volta das necesidades que detectamos desde os SL; así, compartimos información para traballarmos de maneira coordinada e máis eficaz, tentamos mellorar e ampliar a nosa formación máis alá do ámbito da filoloxía, programamos cursos e xornadas ou editamos o boletín *Novas CTNL*; entre outras actividades que vimos desenvolvendo desde entón.

En relación a isto e vendo que, pese a ser moi importantes, os esforzos desiguais que se fan desde moitos concellos para facer rendíbel o traballo a prol da normalización da lingua non abundan. A CTNL elaborou e presentou en 1998 unha proposta para a creación dun consorcio entre a Administración autonómica e a Administración local (a presentación da proposta está recollida nas *Actas dos II Encontros para a Normalización Lingüística*, publicadas polo Consello da Cultura Galega). Este organismo, tal e como se está a facer con moi bos resultados en Cataluña, coordinaría unha rede comarcalizada de todos os servizos lingüísticos municipais e podería poñer en marcha un programa de normalización lingüística global para todo o territorio, que cubriese as necesidades de todos os concellos en materia de normalización da lingua, ademais da galeguización de todo tipo de entidades, como administración, empresas e asociacións. A CTNL presentou esta proposta en diversos

foros e ante as entidades con competencias na materia, ata o de agora sen éxito ningún.

Polo tanto, un dos piares para a fundación da Coordinadora foi a evidencia e a urxencia de desenvolvermos accións de maneira coordinada, para que os esforzos para a normalización do uso do galego, dentro e fóra da Administración local, multiplicasen a súa eficacia. Como resultado destes esforzos tamén comezaron a xurdir hai uns anos campañas de dinamización que se desenvolven como iniciativas novas e moi importantes, polo que supoñen de esforzo de cooperación entre diversos concellos, ou entre concellos e outros colectivos. Somos conscientes de que son mellorábeis porque acaban de xurdir e levan pouco tempo de rodaxe, pero Ciberlingua, Correlingua, Xogas?, ou Ponte nas Ondas poden servir como exemplos dun grande esforzo por xuntar traballo e recursos para multiplicar os resultados en todo o territorio galego. Estas accións sempre tentan implicar unha rede social cada vez máis ampla; e son froito de distintas iniciativas: ás veces municipais, ás veces empresariais, e ás veces son propostas desde asociacións —entre as que a Mesa ten e tivo unha innegábel importancia—. Para teren éxito, todas precisan do traballo compartido de varios destes focos irradiadores de normalización.

Aínda que non se pode xeneralizar a situación, a nivel político as actitudes que se veñen observando van desde a completa ignorancia da lexislación vixente, ata a aposta decidida para pular a prol da normalización do galego, pasando polo cumprimento dos mínimos que establece a lexislación en materia de lingua. Pero o traballo da normalización da nosa lingua non só depende da política lingüística autonómica ou municipal, nin do labor profesional dos técnicos. Como apoio do noso traballo desde os concellos, non podemos ignorar a boa noticia da aparición de novas empresas que basean a súa actividade en servizos lingüísticos, xa que estas iniciativas privadas tamén contribúen co seu traballo diario a que a nosa lingua vaia facendo normal o seu uso en calquera ámbito da sociedade. A longa listaxe de actividades que desenvolven vai crescendo día a día, pero xa inclúe traducións, cursos, consultoría, deseño e desenvolvemento de actividades de lecer, obradoiros de lingua e sociedade, programas informáticos e publicacións.

Quizais sexa o momento de preguntármolos se queremos que o peso central da normalización da lingua dependa do traballo voluntario desenvolto por asociacións sen fin de lucro, ou se decidimos apoiar o artellamento dun tecido empresarial en galego, desde o galego e para o galego. Se moitos concellos aceptan asinar a proposta de convenios que lles ofrece a Mesa, no lugar de contar cos servizos dun SL, ben sexa propio ou compartido con máis concellos, si que corremos o risco de caer nos desenvolvemento de campañas inconexas, deseñadas sen ter en conta as características sociais, económicas e territoriais de cada concello. Alén disto, a ninguén se lle escapa o difusas que quedan as fronteiras entre asociación e empresa cos servizos que actualmente está a “vender” a Mesa. Nos concellos, debemos mercar a normalización máis barata ou debemos impulsar a creación e o mantemento de empresas arredor da lingua?

Traballar para a normalización da lingua galega desde a Administración local é unha tarefa apaixonante polo achegamento á xente; e é un reto diario á hora de deseñar accións, poñelas en marcha e avaliar os resultados para podermos seguir adiante; xa polo mesmo camiño, xa modificando o rumbo que se levaba desde un principio; pero sempre creando sinerxías de cooperación e interacción social. Porque a nosa lingua, ao fin, depende de todos nós.

Concepción Conchón
Presidenta da CTNL

Novas normas, vellos hábitos

Moisés baixou do monte Sinaí avellentado e disque tamén canso. Tivo que carrexar con dúas laxes onde viñan escritas as leis que debía seguir o seu pobo. Como eran sagradas, había pouca xente que as cuestionara e como eran sagradas, ese decálogo estaba limpo de explicacións. Era así e non lle sobraba nin lle faltaba nada. Cando no sexto se di: *non cometerás actos impuros* iso é incuestionable. Pódese diverxer, non obstante, cando afondamos en que son eses *actos impuros*. Mesmo Tomé de Aquino permítese interpretar o quinto (*non matarás*) e di na súa obra *Summa theologica* que se pode aceptar o asasinato en certas circunstancias. Ou sexa, pódese e débese interpretar a norma, pero fóra dela de xeito que teña unha presentación simple que se limite a indicar o que é normativamente correcto. Cómpre a súa interpretación, pero non no corpo do texto dunha norma.

para a maior parte da poboación galega, o verdadeiro obxecto social do texto normativo, a sensación será de que pouco ou nada mudou

Este principio de limpeza afecta tamén ás normas lingüísticas e baséase en que son as argumentacións dunha escolla determinada as que amosan a súa debilidade e contradición cando, necesariamente, hai que cambialas. Calquera de nós pode cambiar o uso do signo de interrogación se se nos di, simplemente: antes era así, agora non. O que non é tan fácil é aceptar o cambio obviando aquelas explicacións presentadas como *de caixón* ás que nos agarramos con fe. Como podíamos facer preguntas sen ese apéndice inicial? Agora que temos texto firme e constante do sur e o propio texto normativo fai preguntas sen ese elemento, que lles queda ás persoas que seguiron integramente o anterior texto normativo? Como se pode desmontar a lóxica argumental anterior e aplicar a nova sen que supoña forzar a razón?

Outra característica dos textos *sagrados* é que son normalmente unívocos. Na *Constitución Española* dise que a bandeira é vermella e amarela, non se di que tamén pode ser vermella, amarela e morada. Se isto se dixera, seguiríamos uns —e sempre os mesmos— un trapo tricolor e o resto o outro. Pola contra, nas *Normas03* dise (páx. 56) cando se fala da sufixación: “Entre estas palabras está *Galicía*, voz lexítima galega (...). Galiza é tamén unha forma lexítimamente galega...”. A forma de chamalle ao país onde vivimos convértese con esta indeterminación nunha marca de posicionamento normativo. Non é a única: os pares *ble/bel*; *ó/ao*; *ería/aría*; etc. son símbolos ante a cuestión normativa. A coincidencia dun sufixo *-bel* e da segunda forma do artigo son desde todo punto normativos pero

(continúa na seguinte páxina)

O Centro de Estudos Galegos da Universidade de Extremadura

O Centro de Estudos Galegos da Universidade de Extremadura creouse no ano 1999, logo da sinatura dun convenio que segue vixente na actualidade e que é revisado e actualizado ano a ano polas dúas institucións asinantes: a Universidade de Extremadura e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Política Lingüística). Está adscrito ó Departamento de Filoloxía Románica da Facultade de Filosofía e Letras de Cáceres, o seu coordenador é o Profesor Doutor D. Juan M. Carrasco González e xunta el traballa desde hai catro anos D^a María X. Pardo Fernández (Lectora de Galego da UEX). Ambos pretenden promover e divulgar o estudo e o coñecemento da cultura, a lingua e a literatura de noso non só dentro do marco da especialidade de Filoloxías Galega e Portuguesa, senón tamén no resto das especialidades que a Facultade de Filosofía e Letras do Campus de Cáceres lles oferta a todos alumnos desta comunidade e mais de fóra dela (Erasmus, etc.).

Do seu quefacer ata o presente ano hai que falar tanto da parte académica coma da centrada na organización de actividades para a difusión da nosa lingua, literatura e cultura no ámbito universitario extremeño.

Con respecto ó primeiro punto, na Facultade de Filosofía e Letras estanse a impartir desde 1999 diferentes materias curriculares que se ofertan non só en todas as licenciaturas desta facultade –con especial protagonismo da especialidade de Filoloxía Galega e Portuguesa (Lingua e Literatura Galegas – I e II, Literatura Galega e Historia e Cultura Galegas)– senón tamén en todas as licenciaturas da UEX (Literatura Galega e Historia e Cultura Galegas).

En canto ó número de alumnos matriculados, neste momento o Centro de Estudos Galegos da UEX conta con máis de 200 alumnos ós que se suman todos aqueles que asisten ós cursos, xornadas e actividades organizadas polo Centro ó longo destes anos.

Con respecto ó segundo punto, o Centro de Estudos leva organizado desde a súa creación as seguintes actividades:

- A organización do 1º Ciclo de Cine en galego (novembro do 1999) para o que contamos coa colaboración do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), institución que nos emprestou os filmes proxectados (*Continental*, *A lei da fronteira*, *Sempre Xonxa* e *Mamasunción*).

- A representación na Aula de Cultura Rodríguez Moñino (Cáceres) da obra de teatro “*Feirantes*” a cargo da compañía galega *Teatro do Noroeste* (decembro do 1999).

- A organización do 1º Curso de Literatura Galega: *Nós* (celebrado na Facultade de Filosofía e Letras os días 9, 13, 14, 20, 23, 30 de outubro e 11 de novembro do 2000) no que participaron prestixiosos profesores de diferentes universidades (con especial protagonismo das galegas). Interviñeron: María do Pilar García Negro, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Marina Mayoral, Pilar Vázquez Cuesta e Dolores Vilavedra.

- A organización do 2º Ciclo de Cine en galego (maio do 2000) para o que contamos de novo coa colaboración do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI).

- A organización de dous Ciclos de Cine Galego e Lusófono (o primeiro celebrado en maio do 2001, e segundo durante a última semana de abril e a primeira de maio do 2002), nos que en colaboración co Centro de Estudos Portugueses da Facultade de Filosofía e Letras se puideron ver os seguintes filmes: *Arde amor*, *O bosque animado*, *Nena*, *Sei quen es* e *A lingua das bolboretas*.

- A organización do 1º Ciclo de Conferencias sobre Historia e Cultura Galegas (celebrado nos meses de outubro e novembro do 2001) que contou coa participación dos profesores Xosé Ramón Mariño Ferro, Ramón Mariño Paz e Ramón Villares. Grazas a el os asistentes tiveron a oportunidade de coñecer ou profundar en aspectos relacionados coa historia (*Galiza, país de emigración*- Villares), a lingua (*Historia da lingua galega*- Mariño Paz) ou a antropoloxía galegas (*La religiosidad popular en Galicia: lógica y símbolos*- Mariño Ferro).

- A organización das Xornadas sobre Literatura de Autoría Feminina: “*Textos de mulher / muller / mujer*” (celebradas en novembro do 2001) nas que participaron importantes especialistas galegas, portuguesas e castelás, ademais de recoñcidas escritoras dos tres ámbitos lingüísticos. Interviñeron representando a parte galega Carme Blanco, María do Pilar García Negro e María Xosé Queizán. Neste momento están pendentes de publicación as actas destas xornadas. Foron estas xornadas unha aportación máis á discusión sobre a literatura de xénero onde, desde tres ámbitos lingüísticos, se puideron coñecer os máis recentes estudos teóricos sobre o tema, ademais da opinión que sobre el teñen as propias creadoras (*María Xosé Queizán, Pilar Galán, Ana Hatherly e Rosa Alice Branco*), finalizando as mesmas coa lectura e dramatización de textos das autoras participantes.

- A coorganización do Seminario sobre o conto: *Era uma vez... O conto como unidade de trabalho* (celebrado na Facultade de Filosofía e Letras en marzo do 2002- días 4, 5, 6, 7 e 8). Interveniu: Paula Carballeira. Este seminario foi unha magnífica experiencia na que os asistentes participaron en xornadas teóricas e prácticas (obradoiros) encol do conto tradicional e popular. Aprenderon e desenvolveron técnicas para contar, crearon os seus propios contos e despois de intervir nun obradoiro de vídeo-realización fixeron unha serie de curtametraxes.

- A elaboración e organización de Exposicións temáticas sobre o *Día das Letras Galegas*- Facultade de Filosofía e Letras, mes de maio de cada ano, desde o 2000.

- A organización do 2º Curso de Literatura Galega: *Teatro e narrativa do século XX*. (celebrado os días 31 de outubro, 4 e 5 de novembro do 2002) Interviñeron Xusto Beramendi, Camilo Franco, Víctor Freixanes, Iolanda Ogando, Carlos G. Reigosa, Laura Tato e Dolores Vilavedra. Durante estes días tentouse facer unha achega ó estado da narrativa longa e do teatro galegos dos últimos anos, contando para iso coa participación de Víctor Freixanes e Carlos G. Reigosa, e coa análise que da súa obra fixo Dolores Vilavedra.

- A coorganización no Seminario sobre o cómic: *Às voltas com a banda desenhada* (celebrado na Facultade de Filosofía e

Letras en marzo do 2003- días 11, 12 e 13). Ó longo del fíxose unha exposición temática da obra de Xaquín Marín, que ademais participou nos obradoiros de banda deseñada, e tamén interveu Henrique Torreiro.

- A organización do 3º Curso de Literatura Galega: “*Lembrando a Castelao*” (celebrado os días 20 e 21 de outubro do 2003). Nel interviñeron: Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Barreiro Rivas, Siro López, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Cándido Pazó, Manuel Rosales, Carlos Valle e Ramón Villares. Lembrando a *desafortunada* estadia de Castelao en Badaxoz, quixemos achegarnos á figura deste autor tan estudado dentro e fóra de Galicia, pero non por eso esgotado. A través de distintas olladas buscouse coñecer e analizar un pouco máis profundamente as achegas de Castelao á configuración do nacionalismo en Galicia, ás artes plásticas, á narrativa e á dramaturxia.



Coa colaboración do Centro e a axuda (económica e organizativa) de varias persoas e institucións –Consellería de Obras Públicas e Turismo da Junta de Extremadura e Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Cáceres– un grupo de aproximadamente 200 alumnos estivo en Carnota e Corcubión hai xa un ano, botando unha man desinteresada na limpeza de praias.

Así mesmo, grazas ó esforzo do Instituto da Lingua Galega, varios alumnos vinculados ó Centro (dous por ano) puideron realizar cursos de verán en Santiago, e esperamos que este ano outros poidan gozar desas bolsas destinadas á promoción, estudo e difusión de todo o noso.

María Pardo

(vén da páxina anterior)

A norma, para ser boa, debe ser estable dentro do cambio continuo e debe transmitir a idea de solidez...

imposibles en escritos de certas persoas. Neste sentido sería moito máis rendible anular os pares e cambiar, por exemplo, *bel* por *ería* de xeito que fosen normativas, unicamente, as formas *ble* e *arí*. Esta opción non é moi científica, pero a estas alturas alguén pensa que a creación dun texto normativo é un proceso de lingüística pura? Espero que non: a ciencia di como é unha cousa, non como *debería ser*. Tal como está redactado o texto normativo, baixo o seu paraguas vaise desenvolver dous estándares. Pasouse, xa é algo, dun estado cunha normativa oficial e un grupo importante que vivía fóra da oficialidade a estarmos aparen-

temente xuntos baixo unha normativa de concordia.

Para os usuarios habituais da escrita en galego, suxeitos axentes no proceso de normalización, que proxectan socialmente un xeito de escribir, existe unha especie de reconforto en ver como as disputas quedan aparcadas. Non obstante, non é fácil liberarse da idea de que estamos ante un equilibrio inestable, imperfecto, de receo do contrario, de ir a non se sabe onde por distintas beiras. Cada vez que un escriba, queira ou non, emitirá unha mensaxe que o posicionará dun xeito ou outro ante o texto normativo: ti es

daqueles ou destes. O que mudou, madia leva, é que esas variantes reais son legais.

Pola súa banda, para a maior parte da poboación galega, o verdadeiro obxecto social do texto normativo, a sensación será de que pouco ou nada mudou. De feito perciben dúas formas de escribir que se distribúen inequivocamente dependendo do axente. Neste sentido, os froitos do cambio normativo non poden ser peores: perciben inestabilidade porque cambia o que sabían e ven que se mantén a diverxencia na aplicación real da normativa.

Cómpre seguir aprofundando na valoración social da discusión e o froito do debate normativo e ver se van cumprir co esperado: servir como código común para aquelas persoas que utilizan decote o galego e ser unha referencia estable para aqueles que están ou poden estar a punto de dar o paso de se pasar ao galego como lingua de uso habitual. É dicir, se serve para reconciliar as persoas concienciadas e se vale como axuda para normalizar os sectores remisos á utilización do galego. Un único texto nos despachos e dúas estandarizacións na rúa non axudan para sermos optimistas. Tampouco axuda a forma de vender o cambio normati-

vo. Non se deseñou unha maneira de aplicar o novo texto socialmente, de empapalo de uso de maneira natural. A norma, para ser boa, debe ser estable dentro do cambio continuo e debe transmitir a idea de solidez e, por ese motivo, podíanse introducir eses mesmos cambios, ou máis incluso, doutro xeito. Para iso, claro está, habería que contar cos axentes difusores da normativa –traballadores de servizos lingüísticos, profesorado, etc.– e pactar con eles un xeito de introducir as mudanzas. Son eles os que poderían adozar o cambio e presentalo socialmente como un avance. Cando escribo, son consciente de que isto sería moito pedir cando se tardou medio ano en ter o texto normativo na rúa, cando ese texto andaba íntegro por unhas cantas editoriais e as institucións públicas andabamos con tres folios grampados. Se cadra é moito pedir nun país onde hai que coñecer xente no concello para que che poñan un colector de lixo, ou que che amañen os furados de diante da casa. Un país onde hai que preguntar demasiado *como anda o meu?*

Manuel Bermúdez Blanco

O galego no Bierzo

O nome do Bierzo deriva do enclave prerromano *Bergida*, que se romanizou en *Bergium Flavium* e que os romanos converteron no centro administrativo desde onde dirixiron a explotación do complexo mineiro das Médulas (Patrimonio da Humanidade desde 1998). A comarca do Bierzo limita ao norte con Asturias e coas comarcas leonesas de Babia e Omaña; ao sur coa comarca leonesa de La Cabrera; ao leste coa Maragatería leonesa e ao oeste con Galiza, Valdeorras (Ourense) e Quiroga e Os Ancares (Lugo).

Esta comarca estivo histórica e culturalmente vinculada con Galiza e de aí que hoxe en día estean presentes numerosas peculiaridades lingüísticas, culturais, xeográficas e económicas que a singularizan dentro da provincia de León. Os vínculos históricos con Galiza –*Gallaecia* romana ou reino suevo de Galiza– duran oficialmente até o século XI. Ademais durante os anos 1822-1823 existiu a provincia de Vilafranca do Bierzo que abrangía parroquias dos actuais concellos ourensáns do Barco de Valdeorras, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras e Rubiá. Esta efémera provincia foi xebrada en 1833 coa división provincial imposta por Javier de Burgos, ficando así este territorio en dúas provincias, Ourense (Valdeorras) e León (O Bierzo), e posteriormente en dúas comunidades autónomas, Galiza e Castilla y León. Esta separación foi acrecentada coa división eclesiástica, e todo isto supuxo o afastamento oficial e institucional entre ambos os territorios, se ben os lazos de unión con Galiza seguiron e seguen presentes até hoxe en día.

Esta realidade levou a que mediante a Lei 1/1991, do 24 de marzo, se crease a Comarca do Bierzo, a única da rexión castelán-leonesa, debido a estas singularidades propias. A unidade cultural do Bierzo está partida en dúas áreas lingüísticas: galega no poñente e leonesa no levante. O galego fálese no Bierzo occidental e mais nos núcleos galegofonos de Ponferrada, con características do galego oriental e central, mentres que nos concellos bercianos dos Ancares presenta as características do galego ancarés. Esta Lei da comarca do Bierzo non reflicte o seu plurilingüismo pero o seu Consejo Comarcal, na sesión ordinaria do 17 de maio de 2001, adoptou unha moción sobre a defensa da lingua galega no Bierzo, que foi comunicada ás Cortes de Castilla y León e mais á Junta de Castilla y León en setembro dese mesmo ano.

A lingua galega é un dos puntos de unión máis fortes entre os galegos e os bercianos. Esta veracidade lingüística tamén foi recoñecida oficialmente no Estatuto de Autonomía de Castilla y León. Na Lei orgánica 4/1983, do 25 de febreiro, do Estatuto de Autonomía de Castilla y León non se recoñecía a lingua galega, pero coa Lei orgánica 4/1999, do 8 de xaneiro, de reforma do dito Estatuto, engadiuse un artigo referido á lingua galega:

Artigo 4. Valores esenciais.

1. A lingua castelá e o patrimonio histórico, artístico e natural son valores esenciais para a identidade da Comunidade de Castilla y León e serán obxecto de especial protección e apoio, para o que se fomentará a creación de entidades que atendan ao dito fin.
2. Gozarán de respecto e protección a lingua galega e as modalidades lingüísticas nos lugares en que habitualmente se utilicen.

Tira-lle da lingua: a potenciación do factor oral

Vai para catro anos que a Asociación Socio-pedagóxica galega celebra un concurso, co patrocinio do Concello de Santiago, destinado a escolares e baixo a denominación de *Tira-lle da Lingua*.

Partiamos daquela de dúas consideracións aparentemente contraditorias: dunha parte o galego está nun proceso de perda alarmante de uso entre a xente máis nova; doutra, o galego goza de suficiente prestixio, apoio e disponibilidad entre esas mesmas franxas etáreas como para poder levar a cabo accións tendentes a inverter esa situación.

Foi, pois no factor oral onde nos propuxemos incidir.

O factor oral é fundamental e imprescindible na construción do proceso de normalización social da lingua.

Noutras realidades lingüísticas próximas á nosa o impulso dinamizador da oralidade móstrase como realidade eficiente á hora de estimular actitudes e usos lingüísticos normalizadores nas aulas e no entorno da mocidade.

Mais a evidencia dinos que nas aulas, desde hai séculos, as experiencias escolares vehiculizáronse eminentemente por escrito. Cómpre, pois, levar ás aulas a oralidade, establecer estratexias específicas de animación da expresión oral.

Tamén existen referencias desde Galiza para a protección do galego no Bierzo. Así, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galiza, no seu artigo 21.2 establece que o Goberno Galego “fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía a fin de protexer a lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma”. Asemade, no artigo 4 dos Estatutos da Real Academia Galega (Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro) sinalase que: “Enténdese por idioma galego o propio de Galiza, así coma as súas variantes faladas nos territorios exteriores (Asturias, León e Zamora)”.

Entre outras iniciativas de defensa do galego no Bierzo cómpre sinalar a creación de asociacións como a Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo (1981), o Centro de Estudos Bercianos, a Mesa pra Defensa do Galego do Bierzo (1990), o colectivo cultural “Fala Ceibe” do Bierzo <www.falaceibe.tk> (1998), ou incluso que o 24 de febreiro de 2001 o pleno do concello de Veiga de Valcarce aprobase por unanimidade o recoñecemento da lingua galega como lingua propia e cooficial, xunto co español, mais debido a presións que nada teñen que ver coa lingua, a alcaldesa decidiu retirar e anular este acordo plenario. Todas estas iniciativas están complementadas con outra realidade moi importante, e moi efectiva, a posibilidade de sintonizar a Radio Galega e a TVG, sendo as retransmisións deportivas, o tempo dos telexornais, *Shin Chan*, *Luar* e *Pratos combinados*, os programas máis vistos.

A lingua galega está presente de xeito oficial nos centros educativos do Bierzo occidental desde o 18 de xullo de 2001, cando a Consejería de Educación y Cultura da Junta de Castilla y León e mais a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galiza asinaron, en Vilafranca do Bierzo, un acordo de cooperación para a implantación da lingua galega no Bierzo. Grazas a este acordo hoxe “impártese” galego en Primaria nos colexios de Cacabelos, Carucedo e Corullón (desde xaneiro de 2002), Vilafranca do Bierzo, Campónaraia, A Ponte Domingo Flórez, Toral dos Vaos, Toral de Meraio e “Valentín García Yebra” de Ponferrada (curso 2002/2003) e tamén no colexio do barrio ponferradino da Placa (curso 2003/2004), mentres que na ESO está presente nos IES “Padre Sarmiento” de Vilafranca do Bierzo, “Bergium Flavium” de Cacabelos e mais o “Europa” de Ponferrada. O que realmente se fai é incorporar o galego como lingua vehicular en Plástica e Coñecemento do Medio, en Primaria, e Ciencias Sociais, en Secundaria, polo tanto non existe realmente a disciplina de lingua galega. No único centro de ensino do Bierzo onde ten presenza como disciplina de seu, e isto desde o curso 2002/2003, é na Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada.

A meirande parte do alumnado no ensino obrigatorio que escolleu esta opción ten vínculos directos con Galiza. Todos eles non teñen problemas para comprenderen a lingua galega e incluso a saben escribir –coa eiva de non poder recibir

aulas de lingua galega para corrir os seus problemas lingüísticos–, mais outra cousa ben distinta é a fala. Nestes centros o galego non resulta estraño –é empregado por profesores bercianos e galegos, alumnado, conserxes, pais, etc.– e salvo escasos casos de reafirmación españolista, a receptividade do galego é excelente. A Xunta de Galiza colabora con estes centros educativos achegando material didáctico –sería importante a elaboración de libros en galego adaptados á realidade do Bierzo e de Castilla y León– e posibilitando a participación destes centros na campaña anual “Entre nós, en galego”.

Para un maior reforzamento do galego no Bierzo é necesaria a implantación da materia de lingua e cultura galegas como optativa, ao mesmo nivel que poidan ter outras disciplinas optativas, a implicación das autoridades educativas para a elaboración duns obxectivos mínimos para o galego así como que todos os alumnos que reciben galego en Primaria o sigan a recibir en Secundaria, e non como agora que só unha mínima parte segue co galego neste nivel educativo, ¿por que?

Xunto a isto tamén hai iniciativas editoriais a prol do galego. No ano 1996 saíu do prelo o primeiro volume, *Léxico (1)*, do *Atlas Lingüístico de El Bierzo (ALBI)* e en 2002 o segundo volume, *Léxico (2)*, do *ALBI*, editados polo Instituto de Estudos Bercianos co patrocinio da Xunta de Galiza, Junta de Castilla y León, Deputación de León e Concello de Ponferrada. Ademais cómpre salientar que editoriais galegas comezan a pór os seus ollos no Bierzo. Así, Edicións Positivas presentou en 2002 *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)* co fin de fornecer de textos en galego aos centros educativos do Bierzo, mentres que Galaxia presentou en 2003 *Contos da Cábila. Fabulacións no país do Bierzo*, que é a tradución ao galego do libro *Cuentos de la Cábila* (2000), obra do poeta e narrador Antonio Pereira (Vilafranca do Bierzo, 1923).

O galego exterior non se limita ás zonas de Asturias (Eo-Navia), León (O

Bierzo occidental) ou Zamora (As Portelas), senón que tamén está presente en Cáceres. Este galego é denominado A Fala, e coñécese de xeito diferente en cada un dos “tres lugares” onde se fala: lagarteiro nas Ellas, mañegu en San Martiño de Trebello e valverdeiro en Valverde do Fresno.

No Bierzo é onde o galego exterior presenta, teoricamente, un meirande recoñecemento. Asemella que camiña paseniño por un axeitado camiño desde o punto de vista institucional, máis de 500 alumnos o están a estudar actualmente, pero cómpre maior compromiso por todas as partes dado que a realidade presenta un forte retroceso interxeracional no uso da lingua galega e se non se aumenta a súa presenza no ensino dos bercianos, a desgaleguización do Bierzo seguirá a medrar.

Rafael Adán

IES Padre Sarmiento, Vilafranca do Bierzo



Xoán Costa

Elaboración do Plan de normalización lingüística do Concello de Ferrol

Nestas liñas ímonos centrar no proceso de elaboración do PNL e non tanto no documento final, que está a disposición de quen desexe consultalo en:

<http://www.ferrol-concello.es/plandenormalizacion.pdf>

É difícil entender todas as posibilidades de desenvolvemento e de futuro do documento sen coñecer o seu proceso de elaboración.

Dende maio de 2001 o Concello de Ferrol conta cun órgano de asesoramento en política lingüística, o Consello Municipal da Lingua (CML). O Consello está composto por representantes de todos os sectores que estruturan a sociedade ferrolá, por representantes dos grupos municipais e presidido polo alcalde, responsable, por outra parte, da área de normalización lingüística. O primeiro acordo que adoptou o CML foi presentarlle ao órgano de goberno correspondente a proposta de elaboración dun plan de normalización lingüística que debería ir precedido por un estudo diagnóstico da situación da lingua no concello.

Este estudo diagnóstico permitiu un coñecemento da realidade da situación do idioma en diferentes ámbitos da vida social da cidade e constituíu unha ferramenta útil de traballo para todos os axentes implicados no proceso de elaboración do PNL.

Elaborado o citado estudio ao CML e rematado o procedemento administrativo de contratación, en xaneiro de 2002 comeza propiamente o proceso de elaboración do PNL da man de *Cidadanía, Rede de Aplicacións Sociais*.

Cidadanía presentou un proxecto baseado na necesaria participación dos destinatarios do produto final, isto é, da sociedade ferrolá. Na súa proposta estaban ao mesmo nivel, como obxectivos, conseguir redactar un plan de normalización lingüística que determinase obxectivos e liñas de acción para os vindeiros anos e xerar un proceso social para elaboración do mesmo plan, proceso que había permitir consensuar socialmente as actuacións e corresponsabilizar os actores sociais.

O funcionamento baseábase na creación de espazos de encontro, dinámicos e abertos aos membros de cada un dos sectores sociais, os denominados GPS, grupos de participación social. En paralelo, manteríanse contactos- encontros, foros ou entrevistas- con representantes de determinados eidos que se consideraron de interese específico para o proceso de planificación.

O Consello Municipal da Lingua, a partir da proposta inicial de *Cidadanía*, determinou qué GPS se crearían e en qué eidos conviña establecer encontros ou foros. Finalmente, atendendo ás características da sociedade ferrolá, propuxéronse GPS en cinco sectores principais:

- Sector da Administración municipal
- Sector socioeconómico
- Sector sociocultural
- Sector ensino e mocidade
- Sector dos medios de comunicación

A estes cómpre engadir dous GPS, inicialmente clasificados como foros, que se conformaron na dinámica do proceso, o sector do ámbito relixioso e o das novas tecnoloxías.

Como eidos de interese específico, consideráronse as grandes superficies e mercados, as entidades deportivas, as entidades xuvenís, os colexios profesionais, a Universidade, IZAR, A

Mariña, os consellos municipais sectoriais e as institucións lingüísticas.

A conformación dos GPS foi sempre precedida de entrevistas a aquelas persoas que, pola súa significación, podían proporcionar información relevante para a intervención. Ao mesmo tempo acordouse, e cumpriuse, que nas xuntanzas de todos os GPS debía participar algún representante do Goberno municipal e o persoal do Gabinete de Normalización Lingüística, como mostra de que a institución asumía un papel central na dinamización do proceso de normalización da lingua na cidade.

Unha vez constituídos acordáronse cinco xuntanzas como mínimo para cada GPS, ao longo das cales se desenvolveu unha primeira fase diagnóstica e unha segunda de formulación de propostas. A primeira viña precedida polo estudo diagnóstico citado arriba e pola realización de numerosas entrevistas a informantes clave e a membros de CML. Nesta fase aplicouse a metodoloxía DAFO, diagnóstico cualitativo que fundamentou a dimensión propositiva posterior. A partir de aquí as xuntanzas foron encontros de debate, reflexión e, sobre todo, de posta en común cara a consensuar obxectivos. Ao longo destes reunións foise plasmando o carácter aberto do proceso, de qué forma a reflexión sobre a cuestión da lingua ía corresponsabilizando os actores sociais, en definitiva, no propio proceso íase cumprindo un dos obxectivos finais, artellar unha rede de implicación cidadá, clave para o futuro do PNL.

Desenvolvíanse en paralelo os encontros ou foros daqueles sectores non considerados como eixes centrais de traballo co fin de contemplar e recoller outras perspectivas que teñen peso no tecido social ferrolán: Universidade, Izar, entidades deportivas, etc.

Antes de lle propoñer un texto definitivo ao CML, realizáronse entrevistas persoais cos membros dos GPS e con outras persoas implicadas para contrastar as conclusións de cada xuntanza. Finalmente presentóuselles o texto ás entidades de relevancia no ámbito das institucións lingüísticas co fin de obter a súa contribución e o seu apoio.

O Consello Municipal da Lingua, encargado do seguimento de todo o proceso, analizou e debateu o conxunto de propostas elaboradas por máis de 150 persoas e acordou presentarllo ao Concello Pleno, quen aprobou o Plan de normalización lingüística por unanimidade.

O documento final foi obxecto de dúas publicacións. Unha máis ampla, que contén unha presentación do proceso de elaboración, o texto do documento en si, as directrices estratéxicas, as propostas e o conxunto de participantes; outra, máis breve, que recolle o plan: as directrices, obxectivos, liñas de acción e medidas.

O PNL estrutúrase, pois, en

- *Directrices estratéxicas.*
- *Sete sectores*, os seis citados anteriormente e o das novas tecnoloxías.

En cada sector establécense

- *Obxectivos específicos sectoriais* e para cada un deles.
- *Liñas de acción:* estratexias de acción para acadar os obxectivos.
- *Medidas:* accións concretas e específicas que lle dan contido ás liñas de acción.

As directrices estratéxicas preséntanse como ideas e principios

que marcan o plan no seu conxunto e deben orientar o seu desenvolvemento: o establecemento dun consenso político e social, a consideración da institución municipal como axente dinamizador do proceso de normalización, a implicación do conxunto dos actores sociais relevantes para o proceso, a flexibilidade do plan, o aproveitamento dos compromisos e sinerxías que se produciron, a figura do Consello Municipal da Lingua como garantía da efectividade e cumprimento do plan...

O PNL traza o camiño para desenvolver unha acción lingüística ampla e consensuada; o ritmo para percorrela, a intensidade, as formas, a coherencia ou o convencemento van depender de moitos factores. O trazado foi deseñado por moitas persoas representantes do tecido social ferrolán e asumido polo máximo órgano de goberno, o Concello Pleno. O PNL ten, pois, unha boa base, sen esquecermos que nace do diálogo construtivo que, en palabras de Xaime Subiela - coordinador do proxecto con Jorge Fente- "non é a derrota duns postulados contra outros, senón a conformación de novas proposicións compartidas".



Na ampla memoria que o equipo técnico de *Cidadanía* presenta nunha das publicacións do PNL do Concello de Ferrol figura un apartado, "*Logros do desenvolvemento do Plan*" onde se reflicte o produtivo e positivo do proceso e do que debemos destacar:

- As dúas dimensións do consenso sobre o que se fundamentou: o político e o social.
- E a articulación dunha rede de implicación cidadá formada polas moitas persoas que se pararon a reflexionar sobre a cuestión da lingua e presentaron as súas propostas.

Beatriz Bascoi Maceiras
Gabinete de Normalización Lingüística

A morte das linguas

As linguas morren dende sempre. O mesmo que as culturas que floreceron e decaeron, tamén as linguas xurdiron e desapareceron (páx. 105). Esta é unha das afirmacións sobre as que debateron e reflexionaron un grupo de mozos e mozas nas aulas da universidade viguesa guiados pola man do seu profesor Benigno Fernández Salgado que intelixentemente lles propuxo este exercicio de reflexión, de ollada desde o contexto galego da obra do lingüista galés, David Crystal. Das reflexións que suscitou nas súas aulas nada sabemos, mais si do froito do seu traballo, a tradución para o galego do orixinal inglés *Language Death*, que agora chega a nós publicado por Galaxia, obra fundamental para calquera interesado na problemática das linguas ameazadas de morte, macabro óbito plural que de se confirmar será multiplemente desgrazado porque levará consigo a desaparición de todo un pobo.

Aínda concordando coa expresión das primeiras liñas, o profesor Crystal, lonxe de se resignar pasivamente aos seus efectos ou de tinguir a súa prosa dun ton fúnebre e derrotista, ofrécenos nesta obra (e como se recolle no subtítulo galego) abundas razóns para a sobrevivencia das linguas, activándonos a militar na nobre causa de defender e actuar conforme á máxima da bondade e xusteza da diversidade lingüística. E

non só por nobre altruísmo e solidariedade coas dúas linguas de nomes para nós impronunciábeis que poboan estas páxinas, senón porque tamén esta é a nosa realidade galega, realidade que partillamos con moitos outros pobos que teñen como lingua propia algunha desoutras diferentes das linguas máis faladas no mundo. *A morte das linguas* constitúe un texto programático da necesaria ecoloxía lingüística e convértese nun manual de lingüística preventiva que habería que aplicar en moitos contextos culturais e lingüísticos para non lamentarmos en poucos anos o esvaemento de linguas, e canda elas, dos pobos que as crearon, dos que nos permitimos o ousado luxo de prescindir. Tarefa igual de xusta ca de difícil de non mudaren as tendencias que confirman que, como as especies botánicas e zoolóxicas máis febles, tamén as linguas máis atacadas e menos aloumiñadas polos seus propios falantes camiñan irremediabelmente cara á extinción.

Polas páxinas desta obra, cunha loábel claridade expositiva e capacidade de síntese (acertos polos que sen dúbida hai que dar tamén os parabéns aos responsábeis da tradución galega), o profesor Crystal deixa discorrer as teorías de moitos lingüistas que, coma el, se preocuparon e se empeñaron en non deixar esvaer os vehículos de expresión de moitos pobos, e

que agroman a cada volta de folia entre liñas ou en notas a rodapé, que mesmo por veces sendo eruditas ou propias do academicismo filolóxico, non lle restan amenidade nin fluidez á lectura nin dificultan o seu seguimento por parte de lectores/as non afeitos a tratar con conceptos teóricos do campo da lingüística. Por iso a súa lectura, para alén de ser fundamental nas aulas das facultades de filoloxía, tamén é recomendábel para todos aqueles que, desde outros eidos, se interesan en xeral polo tema que trata. É un libro dirixido aos falantes das moitas linguas ameazadas no mundo, mais tamén convida á reflexión a aqueloutros falantes de linguas con moi boa saúde que, como as leis da sobrevivencia biolóxica, ameazan a diversidade lingüística no noso planeta.

Lémbrenos nesta obra que unha das ameazas conducentes á desaparición das linguas é a ruptura da súa transmisión interxeracional, mal que como ben sabemos afecta ao galego, lingua que, malia non aparecer mencionada neste libro, se atopa perfectamente representada nalgúns dos niveis de perigo que aquí se deseñan. Os lectores galegos (se ben, afortunadamente -aínda non- con cadros clínicos tan crus como os doutros pobos cuxas linguas sobreviven nun estado comatoso tal, para o que só quen acreditar en milagres, pode ima-

xinar algunha saída) podemos recoñecernos en moitos dos retratos que aquí se perfilan teoricamente ou se acompañan con exemplos ilustrativos tirados dalgunha outra lingua.

David Crystal divide o libro en cinco partes comezadas por unha pregunta inicial arredor da cal vai deseñando unha teoría acompañada de datos e exemplos concretos sobre a problemática de moitas linguas do mundo que hoxe viven ameazadas de morte.

Comeza por se preguntar que é a morte dunha lingua. Citando estudos, informes e achegas doutros lingüistas que atenderon este tema, ofrece datos numéricos, cálculos sobre o número total de linguas do mundo e sobre as estatísticas e porcentaxes das linguas ameazadas, sobre o seu ritmo de declinio. Os datos numéricos son moi variábeis e ademais, como recoñece o autor, *sempre resulta problemático traducir as observacións sobre as porcentaxes das linguas en perigo en termos de cifras absolutas* (páx. 34). Resalta a necesidade de actuar con precaución, de non interpretar esta realidade mediante un simple cómputo numérico que facilmente pode ser manipulado ou desvirtuar todo o traballo a prol da revitalización dunha variedade minoritaria e/ou minorizada. Dinos Crystal: *téñome fixado en que na prensa non especializada soen facerse todo tipo de alegacións e contra-alegacións no nome desas estatísticas para fundamentar razoamentos dun peso que non se sostén* (páx. 35), afirmación que moitas veces se actualiza neste noso país no que determinados medios de comunicación nos teñen tan afeitos a interpretar as cifras ou levar os debates lingüísticos para a primeira plana, non precisamente para contribuír a crear un estado de opinión favorábel ao fortalecemento da lingua galega, senón que semella que tras diso se agocha a tentativa de apagar calquera físgoa de ameaza. Deste baile de cifras e para entendermos a morte das linguas baixo esa mesma perspectiva, cómpre resaltar o feito de que o 96% da poboación mundial está instalada tan só no 4% das linguas do mundo.

Desenvolve tipoloxías das clasificacións dos niveis de perigo tiradas de autores como Kincade e Wurm. Resalta que hai fundamentalmente dous indicadores para ver o nivel de perigo no que está instalada unha lingua, os cales xorden de observar, por unha banda, o ámbito de funcións para as que é utilizada e por outra, os tipos de mudanza estrutural que afectan a unha variedade, pola excesiva influencia de trazos gramaticais ou léxicos doutras linguas coas que está en contacto, até forzar un *esgotamento* discursivo da variedade ameazada que a imposibilita para ser empregada en todos os contextos comunicativos.

A segunda parte do libro dedícase a dar respostas á cuestión de por que nos debería importar a morte das linguas. Neste epígrafe, contradicindo o mito babeliano e avogando por un entendemento da diversidade lingüística no mesmo sentido que, maioritariamente, xa se acadou socialmente un respecto cara á diversidade biolóxica, desenvólvese a teoría da ecoloxía lingüística que orienta toda a obra. A perda das linguas é unha lamentábel perda para a humanidade, porque *necesitamos a diversidade, porque as linguas expresan a identidade, porque son depositarias da historia, porque contribúen á suma do coñecemento humano e porque son interesantes de seu*. Estes son os cinco postulados arredor dos que Crystal argúe a favor do mantemento da diversidade lingüística.

Segundo os autores que se adentraron no tema da ecolingüística e botando man das teorías da ecoloxía, a humanidade sitúase nun ecosistema no que todos os seres vivos existen a través dunha rede de interrelacións onde tan importante é a totalidade da cadea como cada elo en particular. Se a cadea multilingüe e multicultural se quebra, o home, como máis unha especie, debería sentirse ameazado, xa que *calquera redución da diversidade lingüística diminúe o potencial adaptativo da nosa especie, porque diminúe as fontes de coñecemento das que bebemos* (páx. 65) ou como se postula nun dos principios da Linguistic Society of America, *a perda da diversidade xenética no mundo lingüístico é aínda [...] máis importante para a humanidade cá perda da diversidade xenética para o mundo biolóxico, dado que a estrutura da linguaxe representa un testemuño notable dos logros intelectuais do ser humano* (páx. 66).

Despois de repasar as teorías que vinculan a ecoloxía botánica e zoolóxica coa lingüística, Crystal ocúpase das motivacións máis afectivas que definen a lingua como expresión dunha identidade propia e por tanto duns feitos históricos concretos que nos sitúan nun determinado contorno e nos relacionan co resto dos pobos do mundo. Esa combinación de identidade e historia fainos únicos e xustifica os esforzos por manter a pervivencia das linguas e con elas a expresión da cultura propia e da forma de nos recoñecer garantindo a diversidade lingüística e cultural, a riqueza das múltiples formas de entendernos e expresarmos o mundo. Valores fundamentais asumidos por moitos, que porén tamén coñecemos o contradiscurso da eficacia e practicidade dunha única lingua ou da necesidade dunha lingua franca defendida por algunhas das instancias políticas e económicas que gobernan o noso mundo e que callaron popularmente. Todos poderemos recoñecer na paisanaxe (e enténdaseme o substantivo como sinónimo de veciñanza e sen ningún matiz pexorativo) desta Galiza, demasiado afeitada a bater coas barreiras do idioma polo mundo adiante, actitudes e opinións emitidas nas que se lamentan das dificultades en que

nos puxeron aqueles que se empeñaron na construción desa mítica torre que só veu a nos complicar a existencia. Unha boa receita para superar estes prexuízos dánola Ezra Pound cando afirma que *a suma da sabedoría humana non está contida nunha única lingua, pois ningunha lingua é capaz de expresar tódalas formas e tódolos matices do entendemento humano* (páx. 89).

E como último punto, Crystal cunha focaxe máis puramente lingüística, aínda sen dificultar a lectura para os non iniciados, adéntrase na estrutura interna das linguas para demostrar o interese immanente de cada variedade lingüística polo que ela ten de único e porque asome que *cada lingua manifesta unha orixinal construción de sons, gramática e vocabulario para formar un sistema de comunicación que, ó tempo que mostra certos principios universais de organización e estrutura, supón un acontecemento sen precedentes e unha manifestación única dunha visión do mundo* (páx. 91). Nese equilibrio entre os universais lingüísticos e a orixinalidade de cada lingua, Crystal ofrécenos exemplos contrastando a estrutura interna do sistema pronominal ou léxico da lingua inglesa con outras máis exóticas aos ollos dun occidental. Co obxectivo de desbotar a idea estendida do primitivismo e pobreza estrutural dalgunhas das linguas menos coñecidas, afonda na idea de que cada lingua amosa un xeito de expresar a realidade en función de como esta se organiza na súa propia cultura. Un dos exemplos aos que acode é o da estruturación dos nomes de parentesco. O xeito de nomear as relacións de parentesco mudará dunha lingua a outra dependendo da organización e da importancia que os lazos familiares teñan nunha ou noutra sociedade. Desde logo, aínda desde o contexto galego, onde para ben ou para mal, a institución da familia tradicional segue a ser un dos piares da nosa sociedade, é difícil de entender o amplo sistema léxico de certas linguas aborixes australianas que distinguen moitos graos de afinidade por vía sanguínea e política que nós, galegos e galegas, expresamos cunha única forma. Sorprende saber que hai linguas nas que mesmo se chega a crear un esti-

cambian de conducta e adoptan novos costumes (páx. 118). Este proceso de asimilación cultural realízase basicamente en tres fases: unha primeira fase de presión por motivos sociais, políticos ou económicos para o abandono da lingua propia; unha segunda fase de bilingüismo emerxente e finalmente a última fase na que as novas xeracións xa se identifican coa nova lingua e comezan a experimentar sentimentos de vergoña cara ao uso da lingua dos pais e/ou os avós. Segundo Crystal é nesta segunda fase onde aínda se poden conseguir avances, *onde o proceso de debilitamento da lingua se pode frear, deter ou inverter de sentido* (páx. 122), onde, se unha comunidade toma conciencia do perigo que corre a súa lingua, se poden pór en práctica políticas activas destinadas ao fortalecemento da variedade lingüística propia.

Este aspecto é o que ocupa a cuarta parte do libro, “¿Por onde comezar?”. O primeiro paso debe orientarse cara a potenciación da investigación lingüística, fundamentalmente en dous sentidos: dun lado, a localización e compilación das fontes lingüísticas sobre as que actuar e doutro, a creación dunha perspectiva teórica e un método empírico sobre o que orientar o traballo de revitalización. E para alén do traballo propiamente lingüístico está o labor de traballarmos sen esquecer que nos atopamos inseridos nun contorno social e político concreto, onde é necesario promover un clima de opinión favorábel: o problema que supoñen as linguas en perigo debe difundirse entre os cidadáns facendo o máximo de uso posible de cobertura de medios e campañas publicitarias (páx. 143). É fundamental implicar os políticos e as institucións públicas (e tamén esixírllelo) no traballo lingüístico para lles facer reflexionar sobre as políticas respectuosas coa lingua e encadralo nun marco de colaboración internacional, nunha perspectiva global sobre as linguas en perigo.

Mais para asegurarmos un éxito no traballo de revitalización que se desenvolve é preciso que xurda unha opinión pública que presione as accións dos gobernos e que se estableza unha rede social forte na que se impliquen todos os sectores sociais e que calle o sentido da responsabilidade de transmisión dunha lingua: *nunha situación de perigo non hai lugar para o elitismo errado nin para o antielitismo: ten que haber integración, sinxelamente porque nesa comunidade ameazada non todo o mundo se interesa do mesmo xeito por todo* (páx. 165).

Na última parte da obra, “¿Que se pode facer?”, Crystal define algunhas das condicións que describen un contorno favorábel ao mantemento saudábel da variedade lingüística propia para finalmente desenvolver en 19 puntos un método de diagnóstico e aplicación de políticas lingüísticas activas (pp. 217-219). O camiño que percorra a lingua irá destinado cara á salvación se se cumpren, entre outros, algúns dos seguintes factores fundamentais: a visibilización da lingua en situacións de prestixio social; o aumento do prestixio, benestar e poder da comunidade; o mantemento da presión social sobre os gobernos; o fortalecemento do papel da lingua no sistema educativo, mais entendendo que a *concienciación lingüística* debe estenderse desde o fogar até aos espazos de lecer da xuventude e, alén diso, ampliando o concepto de “sistema educativo” tamén para outros niveis de formación de adultos; a seguridade da competencia na escrita da lingua propia; e a introdución desa lingua nos espazos da tecnoloxía da información.

Neste última parte contribúe ademais a prestixiar o papel do lingüista no seo da sociedade, figura que no final da obra, cando desena un modelo de intervención sobre linguas ameazadas, se torna case nun visionario, alentador de masas para o que se reserva a tarefa de liderar unha corrente de opinión favorábel tendente a aunar esforzos, a tecer esa rede social necesaria que se implique e garanta a sobrevivencia da lingua dunha comunidade.

David Crystal, ao longo desta obra (na versión galega prologada polo profesor Benigno Fernández Salgado e ao que outro autor dun libro sobre *dramas* de linguas, o profesor Xesús Alonso Montero, lle coloca un epílogo), para alén de nos ilustrar na teoría da ecoloxía lingüística, ofrécenos unha listaxe de organizacións internacionais que se ocupan da compilación, documentación e postas en práctica de estratexias para manter e promover o multilingüismo. Este lingüista militante, como amosou no seu traballo pola conservación do galés e que agora doa a propiedade intelectual da venda desta obra á Fundación para as Linguas en Perigo, agasállanos cunha pilula da ilusión para acreditarmos con esperanza no futuro das linguas. Mais para non nos atragoarmos con ela cómprenos non esquecer a gravidade da situación e mantérmonos arredados da inxenua opinión daquel lingüista que, recén aterrado en Occidente logo dunha viaxe a África, gaba con entusiasmo o multilingüismo que alí atopou, seguro da súa pervivencia e da imposibilidade da chegada do “milenio monóglota”.

Ana I. Martínez Fernández



Crystal, D. (2003): *A morte das linguas*. Vigo: Galaxia.

lo de lingua diferente para se expresar, por causa dos tabús, coa familia política, e nomeadamente coa sogra!! A nosa capacidade de sorprendernos e descubriremos outras interesantes realidades morre un bocadiño de non garantirmos o mantemento desoutras múltiples linguas e culturas coas que partillamos a existencia planetaria.

O terceiro capítulo, “Por que morren as linguas?”, establece dous grandes bloques de explicacións das mortes das linguas: as causas vinculadas a unha mingua física da poboación, ben por razóns de epidemias, catástrofes naturais, guerras... e aquelas outras causas máis vinculadas a factores culturais como a asimilación que *unha cultura dominante exerce sobre outra facendo que esta perda o seu carácter debido a que os seus membros*

Terminoloxía puntual: a rigorosidade metodolóxica

Se non sabemos cal é a denominación dun concepto que temos ben determinado; se non sabemos cal é a palabra galega correspondente ao que en castelán, dentro do ámbito de Internet, se coñece como «enlace»; se non sabemos se unha denominación remite exactamente ao mesmo concepto ca unha doutra lingua; se non sabemos se as denominacións «canzorro» e «ménula» designan exactamente o mesmo tipo de elemento arquitectónico; se entre varios sinónimos non

sabemos elixir cal é o preferible á hora de empregalo nun contexto determinado; se entre as variantes «cambray», «cambray» e «cambraya» non sabemos cal é a preferible, entón seranos de grande utilidade este primeiro método de elaboración de terminoloxía puntual publicado no noso contexto.

Esta obra é a ferramenta axeitada para solucionar dúbidas deste tipo, pero realmente é moito máis ca iso, xa que a terminoloxía ten que ter hoxe en

xeito cronolóxico as etapas en que cómpre secuenciar o traballo terminográfico puntual, desde a identificación do problema até a almacenaxe e difusión dos termos, explicando as accións que hai que realizar para cumprir co obxectivo fixado en cada etapa e propondo métodos viables axeitados para as circunstancias reais do traballo no noso contexto pero que respectan ao mesmo tempo os principios e as pautas internacionais da terminoloxía e exemplificando sempre cada fase con casos reais e concretos. Ademais, para facilitar o desenvolvemento do traballo, a publicación presenta catro anexos de moito interese e utilidade: un cunha selección de recursos bibliográficos de terminoloxía galega; outro cunha selección de materiais terminográficos accesibles a través de Internet; outro con algunhas notas sobre a produción terminográfica galega, e un último sobre a adaptación de préstamos.

Esta rigorosa obra naceu grazas á preocupación do seu autor por dotar de ferramentas de traballo aos/as profesionais da lingua en Galicia e grazas tamén á súa experiencia profesional no Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, sistematizada nun documento para o curso que tivo lugar en 2002 sobre o traballo terminográfico nun servizo lingüístico organizado pola CTNL e que foi agora reelaborado e desenvolvido para dar como resultado este exhaustivo e completo manual, primeiro produto publicado da Comisión Técnica de Linguaxes de Especialidade da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega.

A ferramenta foi presentada polo seu autor no I Simposio Galego de Terminoloxía: Terminoloxía e Planificación Lingüística, que tivo lugar en Santiago de Compostela en novembro de 2003.

Como curiosidade cómpre comentar que quizais esta sexa a primeira obra publicada seguindo os novos cambios normativos despois de seren aprobados pola RAG en xullo de 2003.

A obra pódese descargar en:

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/>

Nel Vidal Barral



Rodríguez Río, X. A. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Sección de Lingua, Consello da Cultura Galega.

día un papel clave no proceso de normalización, pois para recuperar espazos de uso para o galego hai que contar con termos propios que permitan empregar unha linguaxe técnica e científica que sexa precisa para os especialistas e correcta para os lingüistas, sen a cal vai ser imposible afrontar con garantías o cambio lingüístico en todos os ámbitos. Ademais, as innovacións técnicas, científicas e culturais esténdense cada vez máis rápido, o que crea unhas necesidades que xiran ao redor do xeito de adaptar esas novidades ás distintas culturas, e que desde o punto de vista lingüístico se concretan na busca de termos no idioma propio para os conceptos que nos chegan desde outros ámbitos, mantendo a precisión e a coherencia necesarias para conseguir a eficacia comunicativa, sobre todo na linguaxe especializada.

Polo tanto, esta metodoloxía está pensada para resolver dúbidas puntuais, mais tamén contribúe directamente á modernización do galego e indirectamente á recuperación de espazos de uso para a nosa lingua, e faino dunha maneira totalmente práctica e factible, presentando de

O galego segundo a mocidade

Nestes últimos anos, a investigación no campo da sociolingüística en Galiza vén experimentando un grande auxe. Recentemente a Real Academia Galega, a través do Seminario de Sociolingüística, tirou do prelo o estudo *O galego segundo a mocidade*, coordinado por Manuel González González. O grupo social escollido como obxecto de estudo, como o seu título indica, é a mocidade galega. A razón da escolla é que nela están depositadas as expectativas futuras de cambio social, ademais é a que ofrece maior disonancia entre competencia lingüística e usos, e tamén entre actitudes e usos (*Mapa Sociolingüístico de Galicia*, RAG, 1994, 1995, 1996).

O estudo está baseado nun método de triangulación que integra técnicas de tipo cualitativo e cuantitativo: *matched-guise*, entrevista en profundidade e grupos de decisión. Esta metodoloxía supón unha novidade no tratamento das actitudes lingüística en Galiza. A integración das tres técnicas posibilita unha visión holística do obxecto estudado, o que permite afondar máis no coñecemento das actitudes cara á lingua galega e indagar nalgúns dos seus paradoxos. Os resultados obtidos van ser contrastados e complementados por outros anteriores.

O estudo divídese en 3 partes. Na primeira analízanse as actitudes e estereotipos lingüísticos asociados ás variedades lingüísticas das linguas coexistentes en Galiza mediante a técnica de *matched-guise* (mediación indirecta). Os resultados obtidos mostran que a mocida-

de galega esta chea de prexuízos que se consideraban superados. Os falantes que se expresan 'con acento castelán' percíbense como máis intelixentes, máis atractivos fisicamente, máis cultos, máis innovadores, con maior capacidade de liderado, máis interesados en progresar e máis confiados en si mesmos que cando o fan 'con acento galego'. A segunda parte utiliza o recurso das entrevistas en profundidade para avaliar as actitudes lingüísticas. Das entrevistas emerge o estereotipo do "paleta", asociado aos falantes nativos do rural que exhiben na súa fala trazos estigmatizados (accento galego patrimonial ou tradicional). Na terceira parte avalíanse as actitudes lingüísticas da mocidade mediante a técnica de grupos de discusión. Nesta parte aparece o estereotipo do "nacionalista" que se asocia ao galego percibido como normativo e que serviría para categorizar aos falantes urbanos. Outro dato obtido mediante a realización de entrevistas e grupos de discusión, que o estudo reflicte, é que a mocidade atopa escasa utilidade ao emprego do galego. O uso deste asóciase con profesións de baixo prestixio ou, ocasionalmente, co ámbito da administración ou docencia, polo que as motivacións de tipo instrumental de cara ao seu uso son escasas.

Joaquín Vázquez Rodríguez



Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (2003): *O galego segundo a mocidade*. Vigo: Galaxia.

Ponte... nas ondas!, unha experiencia de radio interescolar transfronteiriza

Ponte... nas Ondas é unha experiencia educativa que se vén desenvolvendo dende o ano 1995 grazas á cooperación entre escolas de primaria e secundaria do sur da provincia de Pontevedra e do norte de Portugal situadas nas dúas marxes do río Miño. Trátase dunha xornada –que empezou sendo de 12 horas e que na pasada edición de 2003 chegou ás 24 horas de programación- na que estudantes de centros educativos de primaria, secundaria e da universidade emiten programas de radio elaborados por eles mesmos, en directo e en formatos moi diversos: concursos, variedades, música, entrevistas, conexións en directo entre diferentes estudos, etc. Úsanse dúas linguas, o galego e o portugués, e durante toda a xornada os nenos e nenas dos dous países están en contacto a través das ondas de radio dándose conta de que dispoñen dunha lingua que lles permite entenderse a pesar das diferenzas entre elas.



Alguns programas son feitos só por nenos/as galegos e en lingua galega; outros por portugueses/as en portugués, e outros son compartidos, isto é, fanse a medias entre estudantes das dúas beiras do río.

A escusa para empezar esta aventura foi a inauguración dunha ponte arquitectónica entre as localidades de Salvaterra de Miño e Monção; entón un grupo de 16 escolas decidiron establecer unha ponte de comunicación a través das ondas de radio. Aquel ano usáronse os estudos de Ecos da Raia de Monção e outro provisional situado na Casa da Cultura en Salvaterra de Miño; os nenos e nenas viviron con moita emoción aquela primeira xornada experimental de radio transfronteiriza e o éxito que tivo fixo que se fose repetindo ano tras ano ata chegar a este 2004 no que xa se celebra a décima edición.

Estes foros de debate sobre as linguas minorizadas véñense celebrando dende o ano 2001 e cada ano dedícanse a un aspecto diferente.

O funcionamento básico de *Ponte... nas ondas* é sempre o mesmo a pesar da evolución que experimentou dende os seus inicios. Todo empeza co comezo do curso: o profesorado representante das escolas que van tomar parte nesa edición empezan xa con reunións para pórse de acordo no tema que vai ser protagonista ese ano e nos primeiros pasos que xa hai que ir dando. Logo vén o traballo nos centros co alumnado: animalos a que participen na radio escolar que se fai habitualmente nos recreos xa que iso é unha especie de adestramento para o gran día: grazas á radio nos recreos aprenden a facer guiños de programas en diferentes formatos, a vocabular, a manexarse cos controles técnicos, etc. Cando xa se vai achegando o día elixido para *Ponte... nas ondas!*, hai que escoller ao equipo de nenos/as que serán locutores, decidir o contido e o tipo de programa que se quere facer, escribir o guiño e practicar, practicar moito.

Ademais, en cada edición hai un tema xeral arredor do que xiran todos os programas. Sobre el trabállase nos centros durante todo o curso. No día da emisión é necesario ter establecida unha parrilla na que aparezan claramente os centros educativos na súa hora de emisión, o título do seu programa, horas nas que se esperan conexións en directo, etc. Todo ten que estar baixo control.

Paralelamente aos programas de radio, e durante toda a xornada, faise un concurso fóra de antena na que os estudantes dos centros participantes responden a unha pregunta relacionada co tema elixido para esa xornada de *Ponte... nas ondas!*. Ao final das emisións faise un sorteo entre todas as chamadas recibidas e entrégase un agasallo en cada país. Isto obriga a ter teléfonos funcionando en todos os estudos de radio dende os que se emite e a telos atendidos. Como todo nese día, os teléfonos tamén son atendidos por estudantes dos centros participantes.

Ponte... nas ondas! experimentou unha grande evolución dende os seus comezos. Pouco a pouco foron introducíndose as novas tecnoloxías e Internet é hoxe un medio que permite que esta experiencia chegue a recunchos que hai uns anos eran impensables. Durante o día de emisión recíbense mensaxes dende os catro continentes de persoas que están a seguir a emisión a través de Internet; tamén funciona o correo electrónico, o chat para falar en directo durante esa xornada e o foro para deixar mensaxes sobre os programas que se están a emitir. Mesmo foi posible nas últimas edicións facer algunha videoconferencia.

Pero ademais, na pasada edición emitíuse dende sete estudos: seis profesionais (de emisoras municipais) e o provisional establecido na Casa da Cultura en Salvaterra de Miño. Os medios de comunicación: radio, televisión e prensa escrita, colaboran activamente coa experiencia difundindo información sobre esta xornada para toda España e Portugal. E o grande paso do ano pasado foi a incorporación do alumnado da universidade que fixo posible que a emisión pasase a durar 24 horas e pechou así o ciclo educativo de *Ponte... nas ondas!*, que xa abarca dende os 3 anos ata a universidade.

Nas dúas últimas edicións, 2002 e 2003, o tema ao que se dedicou a xornada foi o Patrimonio Inmaterial Común a Galicia e Portugal: o tema é moi amplo e está dando para moito. A través do traballo desenvolvido tanto para a preparación dos programas coma nos programas en si, o alumnado descubriu que hai moito en común entre os nosos dous territorios e así quedou demostrado en programas de radio como o que lle pedía a nenos da outra banda do río que chamasen en directo para completar adiviñas, refráns, etc. ou que buscasen outros similares na súa lingua. O resultado foi abraiante xa que se atoparon ata lendas repetidas nos dous lados.

Na edición deste ano, que terá lugar o vindeiro 7 de maio, o tema segue a ser o Patrimonio Inmaterial pero pensado coma algo vivo na escola. Preténdese que os estudantes teñan contacto directo cos xogos, os vellos oficios, as historias, as cantigas pero que lles cheguen a través dos seus avós, que estes veñan á escola e fagan de mestres, e que os rapaces se entusiasmen xogando aos mesmos xogos aos que xogaban os seus avós de nenos.

Para que sexa posible levar a cabo esta xornada de radio é precisa a colaboración de numerosas entidades. Tal é o caso de editoriais que doan de forma gratuíta libros para distribuír coma agasallos nos concursos da xornada; a compañía Telefónica que instala liñas telefónicas gratuítamente así coma o acceso a Internet dende diferentes estudos de radio; algúns concellos da zona na que se realiza *Ponte... nas ondas!*, Caixas de Aforro e organismos oficiais...

Recentemente, do 18 ao 21 de febreiro, a Asociación Cultural e Pedagóxica *Ponte...nas ondas!* foi convidada a participar no Foro do Partenariado para a Diversidade que se celebrou na cidade alemana de Flensburg convocado polo EBLUL (European Bureau for Lesser Used Languages) para presentar esta experiencia. O interese fundamental que tiña para este organismo débese a que se desenvolve nunha lingua europea minorizada e que, ademais, tén carácter transfronteirizo.

O EBLUL (European Bureau for Lesser Used Languages) é unha ONG independente que ten como obxectivo principal a defensa das linguas e culturas minoritarias na Unión Europea e tén carácter consultivo tanto no Consello de Europa coma na UNESCO.

Estes foros de debate sobre as linguas minorizadas véñense celebrando dende o ano 2001 e cada ano dedícanse a un aspecto diferente. Nesta ocasión de 2004 o tema era o de destacar proxectos de cooperación transfronteiriza no que tivesen protagonismo linguas minorizadas. Neste foro estaban presentes autoridades rexionais das diferentes comunidades lingüísticas minorizadas de Europa e representantes de organizacións dedicadas á defensa e promoción destas linguas.

Entre os asistentes estaban por exemplo os Directores Xerais de Política Lingüística da Xunta de Galicia e do Goberno Vasco, pero tamén representantes da cultura Saami (da zona do Ártico), dos Frisóns, do Tírol, dos Gaélicos de Escocia, do Gaélico de Irlanda, do Occitano de Francia e Cataluña, de Serbia, ... Presentáronse proxectos de cooperación transfronteiriza nos que se trata de potenciar algunha lingua minorizada e expuxéronse problemáticas ás que estas linguas se teñen que enfrontar para conseguir ir sobrevivindo nesta sociedade de globalización na que nos movemos.



A presentación no Foro fíxose a través dun vídeo que facía un percorrido por toda a traxectoria de *Ponte... nas ondas!* dende o primeiro ano de emisións, 1995, ata a X edición que se celebrará en maio de 2004; nel pódense ver aos nenos e nenas no seu papel de locutores/as e técnicos/as. Tamén se aprecia a evolución tanto en medios técnicos (colaboración de novos estudos profesionais; Internet) coma na repercusión social que pouco a pouco foi acadando, amosando a atención que lle viñeron prestando diversos medios de comunicación tanto de ámbito rexional coma nacional nestas últimas edicións.

O vídeo provocou que moitos dos asistentes á presentación amosasen a súa admiración e interese en coñecer máis detalles sobre a experiencia coa finalidade de trasladala ao seu propio ámbito de actuación.

Outra consecuencia de gran relevancia da presenza neste foro foi a aprobación dunha resolución -aprobada por unanimidade- por parte da Asemblea Xeral do EBLUL na que se recoñece a *Ponte... nas ondas!* coma **"unha experiencia que contribúe á promoción dunha lingua minorizada; axuda á recuperación da cultura, tradicións e lingua galega; favorece a cooperación transfronteiriza; desenvolve valores de respecto mutuo entre nenos de dous territorios veciños; é un exemplo de boas prácticas en materia de cooperación e promoción da diversidade lingüística; implica a nenos e nenas dentro dun contexto educativo e promove o uso das novas tecnoloxías entre eles/as"**. Por todo isto a Asemblea Xeral do EBLUL decidiu apoiar a PNO e animar a outras institucións gobernamentais e non gobernamentais a apoiar e patrocinar esta experiencia. Dende a directiva do EBLUL fíxosenos saber que eles mesmos se encargarían de facerlles chegar copia desta resolución aos organismos públicos e privados que se considerasen de especial importancia para conseguir apoio e recoñecemento tales coma os Ministerios de Educación e Cultura de España e Portugal, as Consellerías de Educación e Cultura ou a Comisión Europea.

A excelente acollida que tivo *Ponte... nas ondas!* neste foro supón unha excelente nova para as actividades que con motivo da 10ª edición se están a preparar por parte dos centros educativos que van tomar parte e ao mesmo tempo permite prever unha nova etapa de apoios e colaboracións institucionais e privadas.

Asociación Cultural *Ponte...nas ondas!*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Esta revista está subvencionada
pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia